



BANDO

Ángel Enrique Martínez-Puga López Alcalde-Presidente do Concello de Baleira (Lugo)

FAI SABER:

Que feitas as averiguacións pertinentes segundo imaxes que se adxuntan ó presente bando, dende fai tempo o servizo de recollida de basuras deste concello ven comprobando que a poboación está facendo uso indebido dos contenedores depositando nos mesmos restos de plásticos agrícolas, restos de obras, pezas de aparatos electrodomésticos que deberían de ser depositados nun punto limpo ou facer constancia do mesmo ó concello para que este pase a recollelo polo domicilio, en definitiva restos de desfeitos que non está permitido o seu depósito no contenedor do lixo normal, polo que dende esta Alcaldía quérese facer un chamamento a tódolos usuarios/as que sería convinte que nos implicásemos todos/as en facer unha selección de qué restos podemos depositar nun contenedor convencional e qué restos debemos de depositar noutros lugares ou avisar que se pasen a recoller, polo que,

QUEDA TOTALMENTE PROHIBIDO

depositar electródomeísticos, mobles, rodas e calquiera outro tipo de resto que se poida orixinar nun fogar ou explotación agraria nos contenedores de recollida de lixo convencional.

Lembrar que tódolos demáis restos que non sexan neumáticos nin aceites usados, o concello queda a enteira disposición para recollelos no propio domicilio, tan só hai que pasar aviso chamando ó teléfono 982354059 de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.



**O PLANETA TERRA ESTÁ PEDÍNDONOS AXUDA,
POR UN MEDIO AMBIENTE LIBRE DE CONTAMINACIÓN
¡¡¡COLABOREMOS!!!**

Baleira, febreiro de 2023

